

## PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

### Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15026418	IES Terra de Soneira	Vimianzo	2022/2023

### Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Lingua castelá e literatura I	1º Bac.	3	105

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	10
4.1. Concrecións metodolóxicas	50
4.2. Materiais e recursos didácticos	52
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	54
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	54
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	55
5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias	55
6. Medidas de atención á diversidade	55
7.1. Concreción dos elementos transversais	56
7.2. Actividades complementarias	57
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	58
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	59
9. Outros apartados	60

## 1. Introducción

Utilizamos continuamente a lingua, pero non sempre reflexionamos sobre o que son as palabras, como se crean e se transforman, como se organizan, ou o que se pode facer con elas. En esencia, diso trata esta materia: de analizar e coñecer mellor o noso sistema de comunicación máis útil, de manexalo con soltura e de apreciar o que moitos escritores e escritoras souberon facer con el.

O propósito da materia de Lingua Castelá e Literatura orientase tanto á eficacia comunicativa na produción, recepción e interacción oral, escrita e multimodal, como a favorecer o uso ético da linguaxe que poña as palabras ao servizo da convivencia democrática, a resolución dialogada dos conflitos, e a construción de vínculos persoais e sociais baseados no respecto e na igualdade de dereitos de todas as persoas.

Os obxectivos da materia de Lingua Castelá e Literatura en bacharelato marcan unha progresión con respecto aos da educación secundaria obrigatoria, dos que se parte nesta nova etapa. O afondamento con respecto á ESO consiste nunha maior conciencia teórica e metodolóxica para analizar a realidade, así como na mobilización dun conxunto maior de coñecementos, articulados a través de instrumentos de análise que axuden a construír e a estruturar o coñecemento explícito sobre os fenómenos lingüísticos e literarios tratados. Proponse tamén favorecer unha aproximación ampla á cultura, que afonde na relación continua entre pasado e presente.

Un dos fins principais desta etapa educativa é que o alumnado consiga aquelas capacidades indispensables para a plena realización persoal e social. Na sociedade de información actual en continuo cambio, isto supón ampliar as tarefas da clase de Lingua Castelá e Literatura máis aló das dirixidas á adquisición do coñecemento gramatical mediante a reflexión sobre textos, especialmente literarios.

No século XXI, resulta imprescindible aceptar un novo concepto de alfabetización que implica saber xestionar adecuadamente o inxente caudal de información co que nos atopamos. É preciso articular mecanismos que nos permitan obter información pertinente, planificar o mellor modo de comunicala atendendo a unha finalidade e a un contexto concretos, aprender a avaliala e comunicala de maneira ética. Esta alfabetización convértese así nun dos obxectivos principais do ensino da lingua. Só o seu logro permitiralles aos cidadáns participar eficazmente na sociedade do coñecemento. As situacións de aprendizaxe da materia de Lingua Castelá e Literatura deben adestrar o alumnado no uso das ferramentas coas que poderán dar resposta aos retos da sociedade do século XXI, que demanda persoas cultas, críticas e ben informadas.

O desenvolvemento das competencias do alumnado reclama en bacharelato unha maior atención a textos académicos e dos medios de comunicación. Por iso, o traballo transdisciplinario é imprescindible para que o alumnado se apropie dos xéneros discursivos específicos de cada área de coñecemento. Con respecto á competencia literaria, en bacharelato preténdese unha progresiva confluencia entre as modalidades de lectura guiada e lectura autónoma, tanto no relativo aos seus respectivos corpus como ás súas formas de fruición. A adquisición dunha plena competencia comunicativa inclúe un achegamento ao feito cultural e literario a través da lectura.

A diversidade lingüística da maior parte dos contextos escolares e a innegable necesidade dunha educación plurilingüe para todo o alumnado invita ao tratamento integrado das linguas como o mellor camiño para estimular non só a reflexión interlingüística senón tamén a aproximación aos usos sociais reais, nos que a miúdo se han de manexar simultaneamente dúas ou máis linguas.

Os criterios de avaliación e os contidos organízanse en cinco bloques. «As linguas e os seus falantes», «Comunicación: comprensión oral e escrita», «Comunicación: expresión oral e escrita», «Educación literaria» e «Reflexión sobre a lingua». Estes cinco bloques de contido establecidos para esta etapa aparecen concretados nesta proposta didáctica para 1º de bacharelato nas seguintes unidades didácticas:

1. A lingua como sistema: Morfoloxía I. Unidade centrada no estudo das categorías gramaticais (substantivo, adxectivo, pronome e determinante) e a estrutura interna das palabras.
2. A lingua como sistema: Morfoloxía II. Unidade dedicada á análise do resto de categorías gramaticais (verbo, adverbio, preposición, conxunción e interxección) e a estrutura interna das palabras.
3. A literatura medieval. Esta unidade está dedicada ao estudo da literatura medieval nos seus textos.
4. A literatura prerrenacentista. Centrarase esta unidade no estudo da literatura do século XV nos seus textos.
5. A lingua como sistema: Sintaxe I. Analizamos aquí as relacións establecidas entre palabras para formar sintagmas

e oracións simples.

6. A lingua como sistema: Sintaxe II. Nesta unidade, traballaremos as relacións establecidas entre sintagmas e oracións simples para formar diferentes tipos de oracións compostas.

7. A literatura renacentista. Dedicarase esta unidade ao estudo dos trazos xenéricos, formais e temáticos da literatura renacentista a través da análise dos textos máis relevantes do período.

8. A literatura barroca. Unidade centrada no estudo dos trazos xenéricos, formais e temáticos da literatura barroca a través da análise dos textos máis relevantes do período.

9. As variedades lingüísticas. Nesta unidade didáctica, trátase de recoñecer e valorar as linguas de España e as variedades dialectais do español.

10. Tipoloxía textual. Aquí traballaremos as características e estruturas dos principais tipos de textos, con especial atención aos do ámbito académico e aos dos medios de comunicación.

11. A literatura ilustrada. Esta unidade abordará o estudo da literatura ilustrada a partir da análise dunha selección dos seus textos máis destacados.

12. A literatura romántica e realista. Centrarase esta unidade no estudo da literatura romántica e realista a partir da análise dunha selección dos seus textos máis destacados.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Explicar e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do coñecemento da realidade plurilingüe e pluricultural de España e a riqueza dialectal do español, así como da reflexión sobre os fenómenos do contacto entre linguas, para favorecer a reflexión interlingüística, para refutar os estereotipos e prexuízos lingüísticos e para valorar esta diversidade como fonte de patrimonio cultural.	1-5	2-3				1-2		1
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais, con especial atención aos textos académicos e dos medios de comunicación, recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, para formarse opinión e para ampliar as posibilidades de gozo e lecer.	2	2	1	2-3	40	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais, con atención preferente aos de carácter académico, con rigor, fluidez, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais, como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, integrando a información explícita e realizando as inferencias necesarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando tanto a súa calidade como a súa fiabilidade para dar resposta a necesidades e intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	40	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos, con especial atención aos xéneros discursivos do ámbito académico, para construír coñecemento e dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	50	2		
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala, adoptando un punto de vista crítico e persoal á vez que respectuoso coa propiedade intelectual, especialmente no marco da realización de traballos de investigación sobre temas do currículo ou vinculados ás obras literarias lidas.	3			1-2-3-4	40	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura contemporánea como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que se enriqueza progresivamente en canto a diversidade, complexidade e calidade das obras, e partillar experiencias lectoras para construír a propia identidade lectora e gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	11			2-31-32
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras relevantes da literatura española e hispanoamericana, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais para establecer vínculos entre textos diversos, para conformar un mapa cultural, para alargar as posibilidades de gozo da literatura e para crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-31-32-42

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX9 - Consolidar e profundar no coñecemento explícito e sistemático sobre a estrutura da lingua e os seus usos, e reflexionar de maneira autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía adecuada, para desenvolver a conciencia lingüística, para aumentar o repertorio comunicativo e para mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita como de comprensión e interpretación crítica.	1-2	2	1-2		50			
OBX10 - Poñer as prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, a resolución dialogada dos conflitos e a igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e evitando os abusos de poder a través da palabra, para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético e democrático da linguaxe.	1-5	3		3	31	1-2-3		

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A lingua como sistema: Morfoloxía I	Nesta unidade, repasaremos a identificación, os accidentes gramaticais e clasificación das seguintes categorías: substantivo, adxectivo, determinante e pronome. Ademais, analizaremos os constiuíntes (lexemas e morfemas) de ditos tipos de palabras. Consideramos clave ter asentados estes conceptos para abordar a análise sintáctica no seguinte trimestre. Traballárase sempre en tres fases. Na primeira, os alumnos identificarán cada categoría gramatical nunha canción que escoitaremos na aula, para coñecer os contidos previos sobre a unidade. Na segunda, realizarán distintos exercicios prácticos sobre os contidos citados. Na última parte, traballaremos cun texto periodístico sobre un tema de actualidade, a partir do cal farán actividades de comprensión lectora, de reflexión crítica, de produción de textos escritos e tamén de tipo gramatical.	10	9	X		
2	A lingua como sistema. Morfoloxía II	Ao igual que na unidade anterior, centrarémonos aquí no estudo das características, accidentes gramaticais e tipos das seguintes categorías: verbo, adverbio, preposición, conxunción e interxección. Tamén será obxecto de análise, a estrutura interna en lexemas e morfemas de ditos tipos de palabras. Son contidos necesarios para abordar a análise	10	10	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	A lingua como sistema. Morfoloxía II	sintáctica no seguinte trimestre. Tamén aquí se traballará en tres fases idénticas ás da primeira unidade. Ademais, producirán os seus propios textos, neste caso anuncios publicitarios para a prevención da violencia de xénero en adolescentes, nos que deberán empregar adecuadamente as categorías gramaticais estudadas ata o de agora.	10	10	X		
3	A literatura medieval	Aquí estudaremos os principais rasgos xenéricos, temáticos e formais da literatura medieval a partir da análise dos seus textos. No xénero lírico, analizaremos textos populares, con especial atención aos cantares de xesta e "O Cantar de Mío Cid", e cultos, principalmente "El libro de Buen Amor". Con respecto á narrativa, repasaremos a labor de Afonso X o Sabio e analizaremos contos de "El conde Lucanor", algún dos cales terán que transformar en cómic. Aprenderán a redactar un comentario de texto literario e traballarán tamén con pezas audiovisuais (documentais, fragmentos de series e películas) relacionados coa literatura medieval para mellorar a comprensión oral ao tempo que asentan contidos literarios.	5	8	X		
4	A literatura prerrenacentista	Centrarémonos aquí no estudo das características máis destacadas da literatura do século XV, á que decidimos dedicarlle unha unidade dada a súa importancia como predecesora do Renacemento e a súa riqueza expresiva. No xénero lírico, estudaremos a poesía cancioneril, con especial atención a "Las coplas a la muerte de su padre" de Jorge Manrique, que revisarán desde a perspectiva actual e compararán con "Las coplas a la muerte de su colega" de Luis García Montero, deixando patente a intemporalidade dos temas tratados por Manrique. No xénero dramático, analizarán "La Celestina", obra de lectura obrigada este trimestre, sobre a que terán que facer un traballo escrito sobre o papel da filosofía na obra, a caracterización e repercusión da personaxe de Celestina e a teoría medieval sobre a enfermidade de amor.	5	8	X		
5	A lingua como sistema: Sintaxe I	Esta unidade dedicárase ao estudo das relacións establecidas entre as palabras para formar sintagmas e oracións simples. Así, incidiremos na diferenza entre unidade e función, centrándonos nas funcións sintagmáticas (determinante, núcleo, modificador, enlace e termo) e oracionais	10	10		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	A lingua como sistema: Sintaxe I	(suxeito, predicado e complementos verbais). Repasaremos tamén os tipos de sintagmas e as súas estruturas, así como a clasificación da oración simple. Por último, incluímos tamén aquí o coñecemento dos erros sintácticos máis frecuentes: leísmo, laísmo, queísmo e dequeísmo.	10	10		X	
6	A lingua como sistema: Sintaxe II	Estudaranse tamén aquí as relacións sintácticas, neste caso as establecidas entre oracións simples para formar oracións compostas, xa sexan yuxtapostas, coordinadas ou subordinadas. Repasarán ademais os tipos de coordinadas e especialmente subordinadas: sustantivas, adxectivas, adverbiais propias e impropias.	10	10		X	
7	A literatura renacentista	Analizaranse nesta unidade os principais trazos xenéricos, temáticos e formais da literatura renacentista nos seus textos máis significativos. No xénero lírico, estudaranse os sonetos de amor máis destacados de Garcilaso de la Vega, comparando os roles de xénero do século XVI cos actuais e dando voz ás mulleres destinatarias do poeta castelán. Ademais, analizaranse as composicións máis destacadas da poesía relixiosa de Fray Luis de León e San Juan de la Cruz. Na narrativa, estudaranse os principais tipos de novela, con especial atención á picaresca e a "El Lazarillo de Tormes".	5	8		X	
8	A literatura barroca	Esta unidade abordará o estudo da literatura barroca a partir da análise dos seus textos máis significativos. Así, na lírica, comentaranse os principais sonetos de Góngora, Quevedo e Lope de Vega, prestando especial atención aos trazos barrocos de cada un deles. Na narrativa, centraremos na obra de Cervantes, especialmente en "Don Quijote de la Mancha", do que leremos varios capítulos completos e relacionaremos con temas de actualidade, demostrando unha vez máis a atemporalidade dos clásicos. Por último, no teatro, a obra de Lope de Vega, centrándonos en "El perro del hortelano", lectura obrigada no trimestre, da que realizarán un traballo escrito no que deberán analizar a evolución de Diana e localizar características da Comedia Nueva de Lope.	5	8		X	



UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
9	As variedades lingüísticas	Serán obxecto de estudo nesta unidade, as variedades da lingua castelá, tanto diacrónicas, coma diatópicas, diastráticas e diafásicas, prestando especial atención ás dúas últimas. Identificaranse os rasgos máis destacados de cada variedade en textos reais, orais e escritos, extraídos dos medios de comunicación e o cine principalmente.	10	10			X
10	Tipoloxía textual	Nesta ocasión, coñeceranse as principais características que debe posuír un texto como unidade comunicativa (coherencia, cohesión e adecuación), así como os mecanismos que interveñen no seu funcionamento. Tamén se estudarán as características e estruturas que definen as principais tipoloxías textuais: narrativa, descritiva, expositiva, dialóxica e argumentativa. Analizaranse textos reais, tanto da vida escolar como dos medios de comunicación, e produciráanse textos propios, que posúan todas as características estudadas. Como proxecto final, crearase un podcast sobre o coidado da saúde mental en adolescentes que inclúa diferentes tipos de textos dos estudados: narrativo (testimonio dunha persona con problemas de saúde mental), dialóxico (entrevista cun experto no tema), expositivo (presentación de estatísticas) e argumentativo (debate entre diversos axentes).	20	10			X
11	Literatura ilustrada	Esta unidade dedicárase ao estudo dos principais rasgos temáticos e formais da literatura ilustrada a partir da análise dos seus textos máis representativos. Na narrativa, comentaremos textos ensaísticos de Jovellanos sobre temas que poidan ter vigor na actualidade, como o papel da muller na sociedade ou a tauromaquia. Os alumnos producirán os seus propios ensaios dando a súa opinión sobre os mesmos temas tres séculos despois. No teatro, deterémonos a analizar as características do Neoclasicismo en "El sí de las niñas" de Leandro Fernández de Moratín, así como a mensaxe a favor da liberdade das mulleres do propio autor. Seguiremos afondando na redacción de comentarios de texto literarios e empregando pezas audiovisuais relacionadas cos contidos incluídos na unidade.	5	7			X
12	Literatura romántica e realista	Estudaranse aquí as características máis representativas da literatura castelá do século XIX a partir de fragmentos das obras	5	7			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
12	Literatura romántica e realista	máis destacadas. Na literatura romántica, prestaremos especial atención á lírica, concretamente ás "Rimas" de Gustavo Adolfo Bécquer, de lectura obrigada este trimestre. Leremos en clase unha escolma das máis representativas, sobre as que terán que realizar un traballo no que comenten cada unha delas e a relacionen con algunha manifestación artística actual, xa sexa pola súa temática ou por cuestións formais. Con respecto ao Realismo, centrarémonos na narrativa, nas novelas máis destacadas de Benito Pérez Galdós e sobre todo de Emilia Pardo Bazán, cuxa faceta máis feminista estudaremos en profundidade, botando man da película galega "A condesa rebelde" e mesmo visitando na Coruña a súa Casa-Museo e facendo un roteiro polos espazos máis destacados das súas novelas.	5	7			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A lingua como sistema: Morfoloxía I	9

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais complexos propios de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	Localiza información relevante e intención comunicativa de textos orais de diferentes ámbitos.	PE	70
CA2.3 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Identifica o sentido global e é quen de facer un resumo coas ideas principais de textos escritos dos medios de comunicación.		
CA3.4 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	É quen de redactar un breve texto sobre un tema de actualidade con corrección ortográfica e precisión léxica.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.7 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e corrixir problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Reflexiona sobre as propostas de mellora feitas polo profesor na redacción dos propios textos e ponas en práctica en futuras escritas.		
CA5.1 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Reflexiona sobre as propostas de mellora feitas polo profesor na redacción dos propios textos e ponas en práctica en futuras escritas.		
CA3.2 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	Intervén oralmente na aula seguindo estratexias de cortesía lingüística e escoita activa.		
CA5.3 - Elaborar e presentar os resultados de pequenos proxectos de investigación sobre aspectos relevantes do funcionamento da lingua, formulando hipóteses e establecendo xeneralizacións, utilizando os conceptos e a terminoloxía lingüística adecuada e consultando de maneira autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.	Elabora un traballo en grupo sobre algún dos contidos tratados na unidade (significado dos prefixos, por exemplo) e preséntao.	TI	30

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Contexto vinculado ás estratexias de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.</li> <li>- Os xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Interpretación dos xéneros discursivos propios do ámbito educativo. Os textos académicos.</li> <li>- Comprensión e análise crítica dos xéneros discursivos propios do ámbito social. As redes sociais e medios de comunicación.</li> <li>- Procesos de comprensión, análise e interpretación de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Valoración da forma e do contido do texto.</li> <li>- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe. Valoración da forma e do contido do texto.</li> <li>- Recoñecemento dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.</li> <li>- Contexto vinculado ás estratexias de produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.</li> </ul>

## Contidos

- Os xéneros discursivos desde o punto de vista da creación e interpretación crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Respecto polas propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.
- Procesos de composición e revisión de diversos tipos de textos propios de natureza oral, escrita e multimodal.
- Interacción oral e escrita de carácter formal. Tomar e deixar a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística
- Producción escrita. Proceso de elaboración: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica.
- Uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos propios orais, escritos e multimodais.
- Emprego adecuado nos textos propios das formas lingüísticas para a expresión da subxectividade e da obxectividade.
- Utilización de recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación.
- Uso de conectores, marcadores discursivos e outros procedementos léxico-semánticos e gramaticais que contribúen á cohesión do texto.
- Especial atención ás relacións entre as formas verbais como procedementos de cohesión dos textos propios.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica, gramatical e tipográfica dos textos. Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Utilización dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito e a súa relación co significado.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- A lingua como sistema interconectado con diferentes niveis: fonolóxico, morfolóxico, sintáctico e semántico.
- Distinción entre a forma (categorías gramaticais) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple e composta).
- Procedementos de adquisición e formación de palabras e reflexión sobre as mudanzas no seu significado. As relacións semánticas entre palabras. Valores denotativos e connotativos en función da súa adecuación ao contexto e ao propósito comunicativo.
- Uso autónomo de dicionarios, manuais de gramática e outras fontes de consulta para obter información gramatical de carácter xeral.

UD	Título da UD	Duración
2	A lingua como sistema. Morfoloxía II	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais complexos propios de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	Identifica información relevante e intencionalidade de textos orais de diferentes ámbitos.		
CA2.3 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Fai un resumo que recolla o sentido global e ideas principais de textos escritos extraídos dos medios de comunicación.		
CA2.7 - Identificar e resolver problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Identifica erros frecuentes na comprensión lectora e corríxeos grazas a coñecementos sobre Morfoloxía.		
CA3.3 - Elaborar textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado sobre temas curriculares ou de interese social e cultural, precedidos dun proceso de planificación que atenda á situación comunicativa, destinatario, propósito e canle e de redacción e revisión de borradores de maneira individual ou entre iguais, ou mediante outros instrumentos de consulta.	É quen de elaborar un texto argumentativo coherente, cohesionado e adecuado ao contexto sobre un tema de actualidade.	PE	70
CA3.4 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	No mesmo texto anterior, escribe de acordo ás normas ortográficas e morfolóxicas estudadas ata o momento.		
CA3.7 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e corrixir problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Reflexiona sobre as propostas de mellora feitas polo profesor na redacción dos propios textos e ponas en práctica en futuras escritas.		
CA5.1 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Reflexiona sobre as propostas de mellora feitas polo profesor na redacción dos propios textos e ponas en práctica en futuras escritas.		
CA3.1 - Realizar exposicións e argumentacións orais formais con diferente grao de planificación sobre temas de interese científico e cultural e de relevancia académica e social, axustándose ás convencións propias de cada xénero discursivo e con fluidez, rigor, coherencia, cohesión e o rexistro axeitado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Grava unha cuña radiofónica ou anuncio de carácter audiovisual ben locutado, no rexistro axeitado e empregando eficazmente os recursos verbais para unha campaña de prevención de violencia de xénero en adolescentes.	TI	30
CA3.2 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	Participa oralmente na clase seguindo as normas de cortesía.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.3 - Elaborar e presentar os resultados de pequenos proxectos de investigación sobre aspectos relevantes do funcionamento da lingua, formulando hipóteses e establecendo xeneralizacións, utilizando os conceptos e a terminoloxía lingüística adecuada e consultando de maneira autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.	Elabora un pequeno traballo de investigación sobre algún dos contidos gramaticais tratados na unidade (usos dos tempos verbais, por exemplo) e explícao ao resto de alumnos nun xogo de inversión de roles ou aula invertida.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Contexto vinculado ás estratexias de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.</li> <li>- Os xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Interpretación dos xéneros discursivos propios do ámbito educativo. Os textos académicos.</li> <li>- Comprensión e análise crítica dos xéneros discursivos propios do ámbito social. As redes sociais e medios de comunicación.</li> <li>- Procesos de comprensión, análise e interpretación de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Valoración da forma e do contido do texto.</li> <li>- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe. Valoración da forma e do contido do texto.</li> <li>- Recoñecemento dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.</li> <li>- Contexto vinculado ás estratexias de produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.</li> <li>- Elaboración de textos tendo en conta os compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos; canal de comunicación e elementos non verbais da comunicación.</li> <li>- Os xéneros discursivos desde o punto de vista da creación e interpretación crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Respecto polas propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.</li> <li>- Xéneros discursivos propios do ámbito educativo. Creación de textos académicos.</li> <li>- Xéneros discursivos propios do ámbito social. Produción de textos propios das redes sociais e dos medios de comunicación.</li> <li>- Procesos de composición e revisión de diversos tipos de textos propios de natureza oral, escrita e multimodal.</li> <li>- Interacción oral e escrita de carácter formal. Tomar e deixar a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística</li> <li>- Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación oral argumentada.</li> <li>- Produción escrita. Proceso de elaboración: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica.</li> </ul>

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos propios orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Emprego adecuado nos textos propios das formas lingüísticas para a expresión da subxectividade e da obxectividade.</li> <li>- Utilización de recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación.</li> <li>- Uso de conectores, marcadores discursivos e outros procedementos léxico-semánticos e gramaticais que contribúen á cohesión do texto.</li> <li>- Especial atención ás relacións entre as formas verbais como procedementos de cohesión dos textos propios.</li> <li>- Corrección lingüística e revisión ortográfica, gramatical e tipográfica dos textos. Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.</li> <li>- Utilización dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito e a súa relación co significado.</li> <li>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.</li> <li>- A lingua como sistema interconectado con diferentes niveis: fonolóxico, morfolóxico, sintáctico e semántico.</li> <li>- Distinción entre a forma (categorías gramaticais) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple e composta).</li> <li>- Procedementos de adquisición e formación de palabras e reflexión sobre as mudanzas no seu significado. As relacións semánticas entre palabras. Valores denotativos e connotativos en función da súa adecuación ao contexto e ao propósito comunicativo.</li> <li>- Uso autónomo de dicionarios, manuais de gramática e outras fontes de consulta para obter información gramatical de carácter xeral.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
3	A literatura medieval	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Entende o sentido global e as ideas principais de textos escritos académicos e dos medios de comunicación relacionados coa literatura medieval	PE	70
CA2.7 - Identificar e resolver problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Resolve dúbidas de comprensión botando man dos seus coñecementos lingüísticos		
CA3.3 - Elaborar textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado sobre temas curriculares ou de interese social e cultural, precedidos dun proceso de planificación que atenda á situación comunicativa, destinatario, propósito e canle e de redacción e revisión de borradores de maneira individual ou entre iguais, ou mediante outros instrumentos de consulta.	É quen de elaborar un comentario de texto literario sobre algún dos fragmentos lidos en clase das principais obras medievais		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Escribe de acordo ás normas ortográficas e gramaticais básicas		
CA3.7 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e corrixir problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa e corrixe os propios textos reflexionando a partir das indicacións feitas polo profesor e dos seus coñecementos lingüísticos		
CA4.1 - Valorar a forma e o contido de textos complexos avaliando a súa calidade, a fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Valora a forma e o contido de textos literarios		
CA4.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	Analiza textos literarios medievais relacionándoos co seu contexto e tradición literaria en comentarios de texto		
CA4.7 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	Crea un poema seguindo os parámetros do amor cortés pero na boca dunha dama que responde a un dos poetas do periodo		
CA4.8 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa e corrixe os propios textos a partir das indicacións feitas pola profesora e reflexionando sobre o uso da lingua		
CA5.1 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa e corrixe os propios textos a partir das indicacións feitas pola profesora e reflexionando sobre o uso da lingua		
CA2.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais complexos propios de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	Identifica información en textos orais de diferentes ámbitos relacionados coa Idade Media	TI	30



Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Realizar exposicións e argumentacións orais formais con diferente grao de planificación sobre temas de interese científico e cultural e de relevancia académica e social, axustándose ás convencións propias de cada xénero discursivo e con fluidez, rigor, coherencia, cohesión e o rexistro axeitado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Realiza unha exposición oral sobre un traballo grupal relacionado coa literatura medieval expresándose con fluidez e coherencia		
CA3.2 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	Participa en clase seguindo as normas da cortesía lingüísticas		
CA4.3 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura contemporánea e deixar constancia do progreso do itinerario lector e cultural persoal mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura.	Elixo unha obra contemporánea dunha lista dada e argumenta adecuadamente o motivo da súa escolla		
CA4.4 - Partillar a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar una interpretación persoal establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais.	Fai unha valoración persoal da lectura escollida e a vincula con outras manifestacións artísticas nunha exposición oral		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Contexto vinculado ás estratexias de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.</li> <li>- Os xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Interpretación dos xéneros discursivos propios do ámbito educativo. Os textos académicos.</li> <li>- Comprensión e análise crítica dos xéneros discursivos propios do ámbito social. As redes sociais e medios de comunicación.</li> <li>- Procesos de comprensión, análise e interpretación de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Valoración da forma e do contido do texto.</li> <li>- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe. Valoración da forma e do contido do texto.</li> <li>- Contexto vinculado ás estratexias de produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.</li> <li>- Elaboración de textos tendo en conta os compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos; canal de comunicación e elementos non verbais da comunicación.</li> <li>- Os xéneros discursivos desde o punto de vista da creación e interpretación crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Respecto polas propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.</li> </ul>

## Contidos

- Xéneros discursivos propios do ámbito educativo. Creación de textos académicos.
- Procesos de composición e revisión de diversos tipos de textos propios de natureza oral, escrita e multimodal.
- Interacción oral e escrita de carácter formal. Tomar e deixar a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística
- Producción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación oral argumentada.
- Producción escrita. Proceso de elaboración: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica.
- Uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos propios orais, escritos e multimodais.
- Emprego adecuado nos textos propios das formas lingüísticas para a expresión da subxectividade e da obxectividade.
- Utilización de recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación.
- Uso de conectores, marcadores discursivos e outros procedementos léxico-semánticos e gramaticais que contribúen á cohesión do texto.
- Especial atención ás relacións entre as formas verbais como procedementos de cohesión dos textos propios.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica, gramatical e tipográfica dos textos. Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Utilización dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito e a súa relación co significado.
- Lectura autónoma de obras relevantes de autoras e autores da literatura universal contemporánea, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias.
- Selección das obras coa axuda de recomendacións especializadas.
- Participación activa no circuíto literario e lector en contexto presencial e dixital. Utilización autónoma de todo tipo de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais.
- Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido, atendendo aos circuítos comerciais do libro e distinguindo entre literatura canónica e de consumo, clásicos e bestsellers.
- Comunicación da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica, atendendo a aspectos temáticos, a xénero e subxénero, a elementos da estrutura, así como ao estilo e aos valores éticos e estéticos das obras.
- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade ou outras manifestacións literarias ou artísticas.
- Recomendación de lecturas en soportes variados, atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais.
- Lectura guiada de clásicos da literatura española desde a Idade Media ata o Romanticismo, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias.
- Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversacións literarias.
- Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos.
- Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria.
